Compostela Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

2018 → 2019

XOVES 22 NOVEMBRO 2018
20.30 h
Auditorio de Galicia

Erik Nielsen Director



PROGRAMA

I
FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)
Sinfonía núm. 93 en Re maior
(Primeira das Sinfonías Londres)
Adagio - Allegro assai
Largo cantabile
Menuetto: Allegro
Presto ma non troppo

CLAUDE DEBUSSY (1862-1918)
Printemps (Primavera)
Très modéré
Modéré

II
AARON COPLAND (1900-1990)
Appalachian Spring (Primavera dos Apalaches)
(ballet completo, rev. 2016)

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 25 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Director artístico titular
Paul Daniel

Principal director invitado
Jonathan Webb

Director asociado
Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.
A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I
James Dahlgren (concertino)
Adriana Winkler (axuda de concertino)
Anca Smeu **
Anna Alexandrova
Claudio Guridi
Ildikó Oltai
Michal Ryczel
Daniel Kordubaylo
Ilya Fisher
Victoria Jurov
Yulia Petrushevskaya
Ewa Pawlowska ***

VIOLÍNS II
Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Helena Sengelow
David Castillo ***

VIOLAS
Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Lucía Camiños ***
Celia Carabias ***

VIOLONCELLOS
Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Millán Abeledo
Ailsa Lewin
Carlos García
Elena Domínguez ***
Gema Pérez ***

CONTRABAIXOS
Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS
Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOES
Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES
Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES
Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Diego Fernández ***

TROMPAS
Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Millán Molina (R)

TROMPETAS
Javier Simó *
Ramón Llátser **

TROMBÓNS
Iago Ríos (R)
Arturo Centelles (R)
Marcos Dorado (R)

TIMBAL
José Vicente Faus *

PERCUSIÓN
Gonzalo Zandundo ***
Germán Agulló (R)
Roberto Oliveira (R)

ARPA
Irantzu Agirre (R)

PIANO / CLAVE
Nicasio Gradaille (R)

* principal | ** coprincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

ERIK NIELSEN
Director

É Director Titular da Orquesta Sinfónica de Bilbao dende setembro de 2015 e Director Musical do Teatro de Basilea dende a temporada 2016/2017. Uniuse á Ópera de Frankfurt en 2002, ocupando o cargo de mestre de capela no período 2008-2012. Con anterioridade, tocou a arpa na Filharmónica de Berlín como membro da súa Orchester-Akademie.

Estudou dirección no Instituto Curtis de Música de Filadelfia e obtivo a súa licenciatura en óboe e arpa na Juilliard School de Nova York. No verán de 2007 asistiu a Tanglewood, realizando concertos orquestrais e de cámara e sendo asistente de James Levine en *Don Carlo*, regresando en 2008 para dirixir unha produción de Mahagonny. En 2009 foi galardoado coa bolsa da Fundación Solti dos Estados Unidos. En 2010 debutou na ópera estadounidense con *Ariadna en Naxos* coa Boston Lyric Opera, continuando con *A frauta máxica* no Metropolitan Opera de Nova York.

Durante os seus anos en Frankfurt dirixiu un amplo repertorio, dende Haendel ata Reimann, incluíndo a estrea en Alemaña de *Medea*. En 2009 debutou en Londres dirixindo *A frauta máxica* para a Ópera Nacional Inglesa.

Os seus recentes compromisos para dirixir óperas inclúen títulos como *A frauta máxica* para a Ópera de Roma; *La Traviata* na Ópera Alemá de Berlín; *Così fan tutte* co Teatro Nacional de San Carlos (Lisboa); *Lear* para a Ópera de Malmö; *O mercador de Venecia* no Festival de Bregenz; ou a estrea mundial de *Solaris* de Dai Fujikawa no Teatro dos Campos Elíseos de París.

En concerto destacan as súas actuacións con agrupacións como a Orquestra Cívica de Chicago, Orquestra de Cámara de Colonia, Sinfónica de Bilbao, Sinfónica Portuguesa de Lisboa, Sinfónica Nacional RTE, a Sinfónica Xuvenil Mundial no Interlochen Arts Camp e a Royal Northen Sinfonia.

Joseph Haydn (1732-1809)
Tras a Revolución Francesa de 1789, a traxectoria musical de Haydn mudou de forma notable. Á morte do príncipe Nikolaus Esterházy, en 1790, sucedíao o seu fillo Anton que, escasamente interesado pola música, despedíu aos músicos da corte e reduciu o salario a Haydn provocando a súa saída como mestre de capela dos Esterházy. Cando o violinista, compositor, director de orquesta e empresario, Johann Peter Salomon soubo desta marcha, realizou unha importante oferta a Haydn para viaxar á rica e cosmopolita Londres, oferta que non puido rexeitar. Así, foi nesa cidade onde crearía a súa produción sinfónica de máis calidade: as sinfonías numeradas do 93 ao 104 e coñecidas como as *Sinfonías de Londres*. Escrita na primavera de 1791, a primeira delas, a *Sinfonía núm. 93* foi estreada nos Hanover Square Rooms londinenses, o 17 de febreiro de 1792. Un *Adagio-Allegro assai* presentado cun potente unísono orquestral, dá comezo á partitura. O *Allegro* visibilízase cun tema principal que ten sido interpretado como himno protestante por diversas igrexas norteamericanas. A melodía do segundo movemento faise, de xeito gradual, máis lenta e prácida mediante unha serie de acordes illados interrompidos sorpresivamente por un *fortissimo* en mans do fagot. O *Menuetto* lembra melodías do primeiro movemento e aseméllase ao *ländler* alemán, unha danza folclórica moi popular en Austria, Suiza e sur de Alemaña a finais do século XVIII. Haydn non estivo moi contento co *Final* pois a súa amiga e confidente Marianne von Genzinger indicoulle que o movemento era "demasiado débil" comparado co *Allegro* inicial, a pesar de ser unha páxina de grande enerxía na que mestura libremente *rondó* e *sonata* e na que ofrece modulacións repentinas, contrastes cheos de humor e unha coda realmente cautivadora.

Claude Debussy (1862-1918)
Como gañador do Prix de Rome, Debussy foi invitado de Villa Medici entre 1885 e 1887 para escribir, segundo o esixido polo regulamento, como mínimo catro pezas en gran parte descoñecidas que representan o comezo do seu novo xeito de compoñer,e que o fixo ser etiquetado como o iniciador do impresionismo. Unha desas obras, aínda que rematada en 1887 en París, foi a suite sinfónica *Primavera* cuxa idea principal era recrear con

sons *A alegoría da primavera* de Botticelli, na que non aparece nada descriptivo pero da que Debussy dixo que quería expresar "o nacemento lento e doloroso de todas as cousas da natureza e a maduración progresiva que resulta nunha explosión de alegría". Esta partitura divídese en dous movementos, moi conectados entre sí. Unha frase melódica doce e rica en modulacións armoniosas que evocan a Massenet é o comezo do primeiro movemento, *Très modéré*. A orquestra consolídase e medra con interesantes mesturas de instrumentos como o relevante xogo da arpa e o piano con catro mans. Devolve a oración inicial e, despois do desenvolvemento, todo se dispara nun *lento* moi expresivo. O segundo movemento, *Modéré*, é menos orixinal e aparece cun tema de cores luminosos e vibracións rítmicas que poden leva a *La mer* -que o mesmo Debussy compuxo en 1905. O *Scherzando*, dunha frase de baile, desemboca nun arrebato instrumental efectivo cun *crescendo* en *fortissimo*. Esta partitura semella un percorrido por diferentes estados de ánimo, como "impresións dos ventos, o ceo, o mar", como nalgunha ocasión falou Debussy da súa música en xeral.

Aaron Copland (1900-1990)
En 1942, a coreógrafa e bailarina Martha Graham encargou a Copland o ballet *Appalachian Spring* co patrocinio da Fundación Coolidge, responsable dunha parte importante da creación musical do século XX. Tras formarse en Nova York e París e de viaxar en numerosas ocasións a México, Copland combina na súa música audacia, entusiasmo, enxeño e técnica para escribir os seus primeros traballos acadando maior amplitude os ligados ao cine, ao teatro e ao ballet e que coincidiron cos anos marcados polo seu explícito compromiso político que lle valeu a inclusión na lista negra de artistas durante o macarthismo. Despois dos éxitos dos ballets *Billy the Kid* (1939) e *Quiet City* (1939), en 1944 chegou a composición de *Appalachian Spring* que foi estreada en Washington, protagonizado pola propia Martha Graham e Merce Cunningham. A peza centrada na paisaxe humana dunha comunidade rural de Pensilvania no século XIX estaba escrita para trece instrumentos e, en 1945 a petición do director Artur Rodzinski, Copland convirte os movementos orixinais nunha partitura orquestral en oito seccións. O título *Appalachian Spring*, procede dun poema de Hart Crane e foi suxerido pola propia Martha

Graham aínda que o compositor o tiña nomeado como *Ballet para Martha*. As oito pezas foron elixidas entre as mellores páxinas da partitura: a primeira presenta os 'personaxes', cunha introdución lenta; na segunda comeza a acción, nunha atmosfera relixiosa e a terceira relata unha escena sensible e apaixoada. O carácter folclórico con ecos de instrumentos rurais e suxerencias de danzas ao aire libre marca a cuarta; a ritmo de danza lúdica e conmovedora desenvólvese a quinta para chegar á sexta, unha transición coa reanudación dos temas da introdución; a sétima ofrece un elemento orixinado nunha canción popular americana e seguido de cinco variacións. A última, conclúe nun espazo íntimo protagonizado polas cordas. Toda a partitura ofrece unha imaxe sintética de América: desde a primitiva e romántica das praderas ata a moderna e dinámica dos rañaceos a través da colorida orquestración, da característica melodía popular, do ritmo jazzístico ou, incluso, desa entonación relixiosa de certas pasaxes. Con *Appalachian Spring*, Copland consolidouse como compositor estadounidense de referencia e obtivo en 1945 o Premio Pulitzer pola súa linguaxe neoclásica, allea ao mundo estético preto ao musical que dominaba os seus éxitos anteriores e que evitaba a rixidez racional que determinou outras das súas obras menos populares. En 2015, a Fundación Aaron Copland para a Música, xunto á editora musical Boosey & Hawkes, produciu dúas novas gravacións coa colaboración de NYC Music Services. A primeira foi o da suite orquestral e a segunda, unha versión orquestral completa do ballet orixinal que inclúe uns quince minutos perdidos e se axusta aos tonos orixinais.

Xoves 29 de novembro
20,30 h
Tras as liñas

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Isabel Villanueva, viola

C. Coles, *Behind the Lines (Tras as liñas)*
W. Walton, *Concerto para viola e orquestra (versión 1962)*
F. Delius, *A song before Sunrise (Unha canción antes do amencer)*
F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 94 en Sol maior, 'A sorpresa' (Segunda das Sinfonías Londres)*

19,45 h

Conversando con ... Paul Daniel e Isabel Villanueva

Xoves 13 de decembro
20,30 h
Música nas Illas

REAL FILHAMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Kari Kriikku, clarinete

M. Arnold, *Danzas arredor das Illas Británicas (selección de Paul Daniel)*
M. Lindberg, *Concerto para clarinete e orquestra*
R. Vaughan Williams, *A London Symphony (Sinfonía Londres núm. 2 en Sol maior)*

19,45 h

Conversando con ... Paul Daniel

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

@rfgalicia
@CCultura

CONSORCIO DE SANTIAGO

GOBIERNO DE ESPAÑA
CONCELLO DE SANTIAGO
XUNTA DE GALICIA

AUDITORIO DE GALICIA
Deputación DA CORUÑA